



INTRODUCCIÓN

Dende o Consello da Muller Nova, con motivo da celebración da semana da igualdade que terá lugar do día 9 ao 13 de outubro, queremos animarvos a participar neste concurso de teatro.

O obxectivo será utilizar o teatro co fin de visibilizar ás desigualdades de xénero, achegándose ao público dun xeito sinxelo e empregando calquera xénero teatral, para avanzar así na loita pola igualdade real.

BASES

- XERAIS:
 - Poderá participar calquera persoa ou grupo cun máximo de cinco integrantes (non profesionais), con idades comprendidas entre os 15 e os 25 anos.
- Para a representación poderase empregar calquera xénero teatral mentres se cumpran os seguintes REQUISITOS:
 - Duración máxima 15 minutos.
 - Non se utilizarán máis elementos nin **atrezzo** do que os personaxes leven consigo.
 - A temática arredor da cal xirará a obra será a igualdade de xénero; é dicir, visibilizar, de xeito claro as desigualdades de xénero existentes na sociedade actual.
 - Será representada integramente en galego.

PRAZO E FORMATO DE INSCRICIÓN:

- As propostas han de ser enviadas entre o 1 de xullo e o 31 de agosto ao seguinte enderezo electrónico: igualdade@atlanticponte.com. Poderanse usar plataformas como velaqui.gal ou wetransfer.com para anexar os vídeos.
- O grupo ou persoa gañadora será anunciada o día 10 de setembro a través do blog da Concellería de Igualdade ponteeningualdade.blogpost.com
- As obras participantes que cumpran coas bases expostas serán publicadas no devandito blog, plataformas de vídeo, así como publicadas nas redes sociais coa etiqueta: [teatropolaigualdade](#).

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Valorarase positivamente a orixinalidade, as propostas que presenten un contido máis crítico ante as desigualdades existentes na sociedade actual e aquelas que divulguen os principios da igualdade real: aspectos como a corresponsabilidade, a conciliación da vida laboral, persoal e familiar etc... ao tempo que sexan entretidas para o público.